

## **FICHA TÉCNICA**

### **CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (CRAEGA)**

**Creación:** Por Orde do 7 de maio de 1997 pola que se regula a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e créase o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG 16.05.1997). Corrección de erros DOG 27.05.1997.

#### **Regulamentación:**

- R(CEE) nº 834/2007, do Consello, do 28 de xuño de 2007 sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) 2092/91.
- Regulamento (CE) 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2007 do Consello.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG nº 70 do 14.04.09). Modificada pola Orde do 4 de febreiro de 2011 (DOG nº 28 do 10.02.11).

**Enderezo:** Ronda M<sup>a</sup> Emilia Casas Baamonde s/n edif. Multiusos  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)

Tel.: 982 40 53 00

Fax: 982 41 65 30

correo electrónico: [craega@craega.es](mailto:craega@craega.es)

Web: [www.craega.es](http://www.craega.es)

**Presidente:** José Antonio Fernández Álvarez

#### **Rexistros ano 2016:**

Produtores:	701
Elaboradores, importadores e comercializadores:	158

#### **Volume da actividade ano 2016:**

Valor económico estimado:	41.756.422,91 €
---------------------------	-----------------

## **Ámbito xeográfico do control**

A zona xeográfica na que exerce o seu control o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) é todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.

## **Produto protexido pola agricultura ecolóxica**

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Emprégase nela prácticas agrícolas que fomentan o equilibrio do ecosistema, evitando ou excluindo a case totalidade de produtos químicos de síntese, como fertilizantes, produtos fitosanitarios, etc., recorrendo a outras técnicas como a rotación e asociación de cultivos, o emprego de abonos verdes, o control biolóxico de pragas e o aumento da biodiversidade mediante o establecemento de sebes e o mantemento doutra vexetación dentro das parcelas.


A etiqueta comercial ten que ir acompañada da contraetiqueta do consello regulador xunto co logotipo europeo de agricultura ecolóxica, facendo referencia ao método de produción ecolóxica. Esta contraetiqueta, previa autorización do consello, poderá ir incluída na propia etiqueta comercial.

## **Características da produción ecolóxica**

O CRAEGA certifica calquera produto de consumo humano e animal excepto a caza e a pesca extractiva. A certificación abarca a toda a cadea do produto, dende a produción, pasando pola elaboración, envasado e comercialización do produto.

Por ser produtos que se obteñen co máximo respecto ó medio ambiente e benestar animal, non conteñen produtos químicos de síntese. Pódese dicir, polo tanto, que posúen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.

Evolución da superficie (miles de ha)  
inscrita no CRAEGA



Evolución dos rexistros do CRAEGA

